

Estimados/as empresarios e empresarias da hostalería,

Con motivo da celebración do Día de Rosalía 2018, unha efeméride que terá lugar o vindeiro 24 de febreiro, o Concello de Ames, xunto cos municipios de Brión e Padrón así como coa Fundación Rosalía de Castro, organizamos a actividade denominada “Caldo de Gloria”.

A proposta ao sector hostaleiro dos nosos respectivos concellos é celebrar esta data tan sinalada servindo nos diferentes establecementos o caldo que Rosalía de Castro describe no poema “Miña casiña, meu lar” de Follas Novas. Unha receita, tipicamente galega, que sería ofrecida como “tapa” á hora da comida e da cea nos locais que desexen adherirse á esta iniciativa. Como este ano o Día de Rosalía coincide nun sábado, 24 de febreiro, propoñemos que o caldo sexa servido durante toda a fin de semana, de venres a domingo.

Con este ofrecemento, desexamos que a veciñanza lembre a Rosalía de Castro no seu día, compartindo en lugares públicos este caldo, un prato para celebrar tamén a nosa cultura gastronómica popular. Acompañamos esta comunicación cunha carta de Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Castro, con máis información sobre esta proposta.

Dende o Concello de Ames, secundamos e animamos a todo o sector hostaleiro que se sume a esta orixinal proposta co desexo de homenaxear a unhas das máis destacadas figuras das nosas letras, e vinculada ao noso Concello tanto na súa vida como a través da súa maxistral obra. Os locais adheridos recibirán un cartel e manteis de papel para utilizar durante esas datas.

Se desexa participar soamente ten que comunicalo a través dos correos electrónicos turismo@concellodeames.org ou atencionciudad@concellodeames.org ata o próximo luns día 19 de febreiro.

Esperando contar coa vosa colaboración e implicación, reciban un cordial saúdo.



Isabel González Cancela
Concelleira de Comercio, Promoción Económica,
Traballo e Turismo

Ames, 9 de febreiro de 2018